



(F_IMP_40)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO MPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
29/11/2004	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	278	01/01/2005
13/11/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	21/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011
27/07/2012	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	179	04/08/2012
06/11/2012	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	28/12/2012
17/12/2015	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	23/12/2015

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaríanse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE _____	3
ARTIGO -2- SUXEITO PASIVOS _____	3
ARTIGO -3- SUCEORES E RESPONSABLES _____	3
ARTIGO -4- EXENCIÓNS _____	3
ARTIGO -5- BONIFICACIÓNS _____	4
ARTIGO -6- COTA TRIBUTARIA _____	5
ARTIGO -7- NORMAS DE XESTIÓN _____	6
ARTIGO -8- DEVEÑO E PERÍODO IMPOSITIVO _____	7
ARTIGO -9- COLABORACIÓN SOCIAL _____	7
DISPOSICIÓN ADICIONAL _____	7
DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA _____	7
DISPOSICIÓN FINAL _____	7

ARTIGO -1- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

De conformidade co establecido no ARTIGO 59 punto 1 e 92 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo de imposición obrigatoria que se esixirá de acordo coas disposicións da citada Lei, contidas especialmente entre os Artigos 92 a 100 do mesmo texto legal e as disposicións desta Ordenanza fiscal.

1. O Imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo, que grava a titularidade dos vehículos desta natureza aptos para circular pola vías públicas , calquera que sexa a súa clase ou categoría.
2. Considéranse vehículos aptos para circular polas vías públicas os que foran matriculados nos rexistros públicos correspondentes e mentres no causaren baixa . Tamén serán considerados aptos a estes efectos os que teñan permisos temporais e matrículas turísticas.
3. No están suxeitos ao imposto :
 - Os vehículos que sendo dados de baixa nos rexistros públicos por antigüidade puideranser autorizados para circular con carácter excepcional con motivo de mostras , certames ou carreiras limitadas aos vehículos desta natureza .
 - Os remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cando a súa carga útil non sexa superior aos 750 kg.

ARTIGO -2- SUXEITO PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o ARTIGO 35.4 da Lei xeral tributaria a nome dos cales conste o vehículo no permiso de circulación.
2. Os obrigados tributarios que non residan en España teñen a obriga de nomear un representante legal con domicilio no territorio español que deberán comunicar ao Concello antes do primeiro deveño do imposto posterior a alta no rexistro de contribuíntes.

ARTIGO -3- SUCESTORES E RESPONSABLES

Os supostos de sucesión e responsabilidade serán esixidos conforme as normas establecidas na Lei xeral tributaria e demais normas de directa aplicación.

ARTIGO -4- EXENCIÓNS

1. Constituirán supostos de exención os establecidos como de concesión obrigatoria no R. D- lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo
2. Para poder obte-las exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 do ARTIGO 93 R. D- lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, os interesados deberán insta-la súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio e acreditar, presentando a documentación na que consten a realidade do alegado
3. Xunto coa petición de exención regulada no parágrafos e) do apartado 1 do ARTIGO 93 do R. D- lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo os interesados deberán achegar a seguinte documentación :
 - Certificado do grao de minusvalía expedido polo órgano competente acreditando unha minusvalía legal igual ou superior ao 33 %

Terán a consideración de persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33%. Tamén se considerarán afectados por unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao total, absoluta ou gran invalidez e os pensionistas de clases pasivas que teñan

recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, ao abeiro da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal de persoas con discapacidade.

- Permiso de condución (anverso e reverso) do minusválido ou do condutor habitual
- Permiso de circulación a nome do minusválido
- Póliza do seguro do vehículo na que figure o condutor habitual do mesmo
- Ficha técnica do vehículo
- Declaración ou manifestación do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención
- Fotocopia do DNI do minusválido e do condutor habitual do vehículo.

Para a xustificación do destino do vehículo para o uso da persoa con minusvalía deberán cumprirse os seguintes requisitos:

A. No caso da condución do vehículo polo propio minusválido:

- Na póliza do seguro deberá constar como único condutor o propietario do vehículo
- Declaración ou manifestación de uso exclusivo debidamente asinada

B. No caso da condución do vehículo por terceiras persoas para o transporte do minusválido

- Na póliza do seguro deberá constar como condutor unha persoa distinta ao propietario do vehículo
- Declaración ou manifestación de uso exclusivo debidamente asinada

4. A falsidade ou inexactitude da declaración ou manifestación a que se fai referencia no punto 3 anterior, constituirá infracción grave, de conformidade co previsto no ARTIGO 194 da Lei xeral tributaria, polo que dará orixe ao correspondente expediente sancionador nos termos establecidos legalmente

5. As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos anteriores apartados, non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

6. Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo g) do apartado 1 do ARTIGO 93 do R. D. Lexislativo 2/ 2004 de 5 de marzo , os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

- Ficha técnica do vehículo.
- Cartilla agrícola do vehículo

7. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia.

ARTIGO -5- BONIFICACIÓNS

De acordo co establecido no ARTIGO 95 punto 6 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo se establecen as seguintes bonificacións :

1. Establécese unha bonificación do 100 % da cota do Imposto para os vehículos cualificados como históricos polo órgano competente da Comunidade Autónoma, con arranxo ao disposto no Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o regulamento de vehículos históricos, e sempre que figuren así matriculados no rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico

Esta bonificación ten o carácter rogado e concederase, no seu caso, expresamente aos suxeitos pasivos que o soliciten, debendo aportar coa solicitude o permiso de circulación do vehículo onde se acredite que o vehículo figura matriculado como histórico

2. Unha bonificación do 30% por cen para os vehículos que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, tomando como tal a de súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data no que o correspondente tipo o variante se deixou de fabricar.

Esta bonificación ten o carácter rogado e concederáse, no seu caso, expresamente aos suxeitos pasivos que o soliciten, debendo aportar coa solicitude o permiso de circulación do vehículo onde se acredite a data da súa fabricación ou no seu caso a súa primeira matriculación

3. Os vehículos que non utilicen carburantes fósiles gozarán dunha bonificación do 50% da cota incrementada do imposto. Esta bonificación terá carácter rogado e concederáse, no seu caso, expresamente, a suxeitos pasivos que o soliciten, debendo aportar coa solicitude a ficha técnica do vehículo que acredite o tipo de combustible utilizado.

4. As bonificacións anteriores non se poderán acumular ou simultanear.

ARTIGO -6- COTA TRIBUTARIA

De conformidade co artigo 95.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Monforte de Lemos fixa as seguintes tarifas anuais:

1	TURISMOS	€ / ANO
1.1	De menos de 8 cabalos fiscais	16,26
1.2	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	43,92
1.3	De de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	92,70
1.4	De de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	115,49
1.5	De 20 cabalos fiscais adiante	144,33
2	AUTOBUSES	€ / ANO
2.1	De menos de 21 prazas	107,36
2.2	De 21 a 50 prazas	152,89
2.3	De máis de 50 prazas	191,12
3	CAMIÓNS	€ / ANO
3.1	De menos de 1.000 Kg. de carga útil	54,49
3.2	De máis de 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	107,36
3.3	De máis de 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil	152,89
3.4	De máis de 9.999 Kg. de carga útil	191,12
4	TRACTORES	€ / ANO
4.1	De menos de 16 cabalos fiscais	22,77
4.2	De 16 a 25 cabalos fiscais	35,80
4.3	De máis de 25 cabalos fiscais	107,36
5	REMOQUES E SEMIRREMOQUES ARRASTADOS POR VEHICULOS DE TRACCION MECÁNICA	€ / ANO
5.1	De menos de 1.000 e máis de 750 Kg. de carga útil	22,77
5.2	De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	35,80
5.3	De máis de 2.999 Kg. de carga útil	107,36
6	OUTROS VEHÍCULOS	€ / ANO
6.1	Ciclomotores	5,70
6.2	Motocicletas ata 125 c.c.	5,70
6.3	Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.	9,76
6.4	Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c.	19,52
6.5	Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1000 c.c.	39,05
6.6	Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	78,07

A potencia fiscal expresada en cabalos fiscais establece de conformidade co disposto no anexo V do Regulamento xeral de Vehículos RD2.822/1998 de 23 de decembro , salvo disposición legal en contra para a determinación das diversas clases de vehículos se estará ao que dispoña o Regulamento xeral de vehículos .

ARTIGO -7- NORMAS DE XESTIÓN

1. Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación ou reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, o imposto ingresarase polo sistema de autoliquidación practicada polo interesado e tecnicamente asistido polos servizos municipais.
2. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Xefatura Provincial de Tráfico a transferencia, o cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou a baixa de ditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do imposto.
3. Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou o seu representante, agás que se modificara o consignado nos mesmos.
4. En todo caso, a rúbrica xenérica de tractores a que se refire o epígrafe 4 das tarifas comprende aos tracto camións de obras e servizos.
5. Para resolve-las dúbidas de cualificación que puideran plantexarse, utilizaranse subsidiariamente as seguintes normas:

Os vehículos derivados de turismos e os vehículos mixtos adaptables non definidos no RD 2822/1998, pero non mencionados nas tarifas expresamente, tributarán da seguinte maneira:

- Vehículos destinados a carga: tributan como camións en función da súa carga útil.
- Vehículos destinados ó transporte de persoas, trala correspondente adaptación: tributa como turismo.
- Ambos destinos simultaneamente: cando ten máis da metade dos asentos que potencialmente pode levar segundo a súa estrutura, tributa como turismo. No caso contrario, tributa como camión.
- Si o espazo destinado á carga se substitúe integramente, de maneira provisional, por asentos para o transporte de persoas, tributa como camión.

Se esta modificación se fai con carácter permanente, tributa en concepto de vehículo turismo. En ningún dos casos se pode cualificar como autobús, xa que pola súa propia estrutura non se pode exceder de nove prazas de capacidade, incluído o condutor .

- Os motocarros terán a consideración, ós efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán pola capacidade da súa cilindrada.
- No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques ou semirremolques arrastrados.
- No caso de remolque e semirremolques que pola súa capacidade non veñan obrigados a ser matriculados, consideraranse como aptos para a circulación dende o momento que se expedira a certificación correspondente polo organismo competente ou, no seu caso, cando realmente estean en circulación.
- As máquinas propulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas 2 tarifas correspondentes ós tractores
- As autocaravanas tributarán como camións.

ARTIGO -8- DEVEÑO E PERÍODO IMPOSITIVO

1. O período impositivo coincide co ano natural , excepto no caso da primeira adquisición do vehículo, que comezará o día en que esta se produza .
2. imposto se deveña o primeiro día do período impositivo.
3. No caso de baixa definitiva ou baixa temporal por roubo do vehículo a cota tributaria se prorrateará por trimestres naturais correspondendo ao suxeito pasivo o pagamento da cota dende o 1 de xaneiro ata o trimestre no que se produza a baixa no rexistro de Tráfico , este trimestre último incluído.
Si o suxeito pasivo tiña satisfeito a cota tributaria e con posterioridade se produce a baixa, poderá solicitar a devolución polo prorrateo correspondente
4. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a súa circulación, o pagamento do imposto farase polo sistema de padrón anual, no que constarán todos os vehículos suxeitos ao imposto.

O padrón anual notificarase de modo colectivo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO -9- COLABORACIÓN SOCIAL

1. Os xestores administrativos poderán actuar como colaboradores sociais do Concello de acordo co establecido no ARTIGO 92 da Lei xeral tributaria.
2. contido da dita colaboración poderá consistir tanto na presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, como na asistencia na realización de declaracións nos supostos de alta, baixa, transferencia e cambio de domicilio do titular.
3. Para a efectividade da colaboración fará falta a aprobación do correspondente convenio

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación i aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderase automaticamente modificados e/ou substituídos , no momento en que se produza a modificación dos mesmos

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Os beneficios que se poidan conceder de acordo co previsto nesta Ordenanza i que poidan estenderse a exercicios futuros diferentes aos da súa concesión , manterán a súa vixencia para os ditos exercicios sempre e cando se prevea a súa concesión na correspondente Ordenanza Fiscal do ano en cuestión e requirirá en todo caso, que o suxeito pasivo reúna todos os requisitos para o seu recoñecemento se establecen na Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 29 de novembro de 2004 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 278, entrando en vigor o día un de xaneiro de 2005.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P. de Lugo núm. 297 de 29 de decembro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 27 de xullo de 2012 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 179 do día 4 de agosto de 2012.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 6 de novembro de 2012 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 28 de decembro de 2012.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 26 de outubro de 2015, e aprobada definitivamente polo Pleno de 17 de decembro de 2015 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 de 23 decembro de 2015

Monforte de Lemos, febreiro de 2016

O Alcalde, José Tomé Roca

